

Novas xeracións na Comedia





GARGALLADA. 25-26

Prepara o teu alumnado para unha aventura onde o humor, a creatividade e a nosa lingua galega se unen nunha explosión de gargalladas e aprendizaxe. Esta actividade, enmarcada dentro da dinamización lingüística, está baseada na creación e posta en escena de monólogos da man de humoristas profesionais da nosa cidade. Non só potenciará a comprensión e a expresión oral, senón que tamén brindará un espazo único para descubrir novos talentos cómicos na aula. O colofón? Unha divertidísima gala ao máis puro estilo "Got Talent", onde amosaremos o traballo, coñeceremos "a competencia", repartiranse premio e, por suposto.

Escacharemos coa risa!

Formación con risas aseguradas



O teu alumnado aprenderá os segredos da comedia da man de profesionais de primeira (na aula, con posterior tutela online). Desde o primeiro chiste ata o último aplauso, descubrirán como a comedia é unha poderosa ferramenta de expresión e un medio eficaz para a dinamización da lingua galega.

Unha experiencia para todas e todos:



Todo o grupo participará no proceso creativo, aínda que só un ou unha será a encargada de defender o monólogo final da vosa aula (casting). Un reto emocionante que sacará o mellor de cada grupo!

Cero complicacións para o profesorado:



A coordinación do programa require moi pouco esforzo pola túa parte. Con toda a nosa axuda, os teus alumnos/as desenvolverán as súas habilidades mentres ti atopas novas formas de aplicar criterios de avaliación.

Gran Gala Final

Unha gran gala final, cun formato audiovisual digno dos mellores programas de televisión, que contará con figuras destacadas do humor local, vídeos, premios, actuacións sorpresa e moitas gargalladas.



Decembro

Todos a bordo. Inscripcións ata o 15 de decembro.

Xaneiro

Primeira sesión de formación presencial:
O guión e a estrutura dun monólogo.

Febreiro

Recepción en liña dos monólogos e corrección en liña.

Marzo

Segunda formación presencial: A posta en escena
(A cargo de cómicos profesionais).

Titoría en liña da posta en escena.

Abril



Gala de fin de programa. ÁGORA

Para quen?

ESO

BACH e

FP (Básica e Media)

Onde inscribo o meu centro?

Na web da Concellería de educación
do Concello de A Coruña

www.coruna.gal/educación
(Programas educativos - A Coruña Cultural)

Jes dúbidas?

Chámanos ou mandanos un whatsapp
626 930 047 (Hugh McGinley)

O guión e a estrutura dun monólogo. (90 minutos)

A primeira formación, presencial, é un “onboarding” pensado para coñecer ao grupo e as súas peculiaridades, poñer en valor as súas fortalezas e converter as súas debilidades. Nela abordaranse as cuestións básicas da fase de concepto e escritura. A estrutura, pendente de enriquecer e validar por profesionais, sería a seguinte:

- **Introdución:** Como captar a atención do público desde o primeiro momento.
- **Observación e Relato da Vida Cotiá:** Como sacar humor do ordinario e o cotián.
- **Exaxeración e Absuridade:** Uso da exaxeración para destacar o ridículo ou o absurdo en situacións normais.
- **Ironía e Sarcasmo:** Diferenzas entre ambos e como utilizalos eficazmente nun monólogo.
- **Xogos de Palabras e Dobre Sentido:** Estratexias para empregar a linguaxe de maneira humorística.
- **Corpo Principal:** Desglosa como desenvolver ideas, construír sobre premisas e crear unha narrativa fluída.
- **Ritmo e Timing:** A importancia do ritmo na entrega de chistes e como o timing afecta ao humor.
- **Remate ou Punchline:** A importancia dos chistes ou remates e como pechar cada idea cun golpe de humor.
- **Personaxes Recurrentes:** Como usar personaxes para enriquecer un monólogo.
- **Interacción co Público:** Estratexias para involucrar ao público.
- **A importancia do uso dun galego normativo.**
- **Elección conxunta dun tema para o monólogo.**
- **Primeira fase da tormenta de ideas.**

Ao final da sesión asignarase un padriño ou madriña (profesional da comedia da nosa cidade) para que acompañen ao grupo neste proceso de aquí en adiante. Poñerase un monólogo desta persoa na aula para sementar o vínculo.

En base ao aprendido, os profesores e profesoras enviarán tarefas e/ou traballarán na aula para que entre todos saquen “gags” baseados no tema elixido (libre) que poidan conformar en estrutura un “corpus” inicial sobre o que traballar. Tutelados online por profesionais da comedia asignados para cada centro.

A posta en escena. (90 minutos)

Tras considerar pechado o texto do monólogo, profesionais da comedia visitan o centro para traballar na defensa física do mesmo:

- **A importancia de adoptar diferentes perspectivas e voces para diversificar o contido.**
- **Técnicas de Delivery e Escenificación.**
- **Linguaxe Corporal e Xestos:** A relevancia do uso do corpo e os xestos na entrega do humor.
- **Uso do Espazo Escénico:** Como moverse no escenario e usar o espazo ao teu favor.
- **Timing e Pausas:** Como usar as pausas para aumentar o impacto do chiste.

Unha vez traballados estes aspectos, chega o momento da verdade, ¿Quen vai defender o monólogo fronte ao público? Haxa ou non voluntarios para facelo, divertímonos cun proceso de casting.



Inscríbete!

